

O Concello de Arzúa convoca o **CONCURSO DE CARTEIS ANUNCIADORES DA XXXIII FESTA DO QUEIXO**, que se celebrará os días **1 e 2 de marzo de 2008**, atendendo ás seguintes:

## **BASES**

**1º**- O orixinal deberá axustarse necesariamente a unha mancha de 60x44 cm. (formato vertical). Cada autor poderá participar co número de traballos que desexe, sempre que estes sexan orixinais e realizados en papel ou lenzo, con material e técnica libre.

**2º**- A obra debe presentarse sen sinatura de autor, que limitará a súa identificación a un lema, e acompañala dun sobre pechado cos seguintes datos: nome e apelidos, D.N.I., idade, profesión, enderezo, teléfono e correo electrónico de contacto, e/ou calquera outro dato sobre o propio traballo.

**3º**- O xurado valorará de xeito especial o **impacto publicitario dos carteis**, nos que deberá figurar a inscrición literal "ARZÚA XXXIII FESTA DO QUEIXO, 1 E 2 DE MARZO DE 2008". Igualmente, os queixos que formen parte imaxe -no seu caso- deberán respectar a morfoloxía propia do queixo da Denominación de Orixe Arzúa-Ulloa.

**4º**- Os orixinais deberán ser enviados antes do **30 de decembro de 2007** ao Concello de Arzúa, *Dpto. de Cultura*, sito na Rúa Santiago, 2 – 15810 Arzúa– A Coruña. A organización solicita aos participantes acompañen cada obra presentada con cadansúa copia en formato dixital –CD- (requisito non indispensable).

**5º**- A elección dos premiados realizarase o día 3 de xaneiro de 2007, mediante valoración dun xurado cualificado designado pola Comisión "Festa do Queixo", cun único voto por persoa, agás para o 4º premio, que será elixido por votación popular o día 6 de xaneiro, de 11.30 h a 13.30 h na Capela da Madanela.

**6º**- A peza elixida polo xurado como 1º premio será o cartel anunciador da XXXIII Edición. Todos os carteis serán expostos ao público do 1 ao 10 de xaneiro na Capela de Madanela. O acto de Entrega de Premios incluírase no Programa Oficial da XXXIII Festa do Queixo.

**7º**- Os orixinais premiados e os seus dereitos de imaxe pasarán a ser propiedade do Concello de Arzúa. Os orixinais non premiados poderán recollese nas instalacións municipais ata 60 días despois da celebración do evento.

**8º**- A Comisión resérvase o dereito a deixar baleiros os premios, así como a rexeitar para concurso calquera peza que considere ou aquela que non se axuste ás presentes bases. As súas decisións serán inapelables.

**9º- PREMIOS:** o certame outorgará catro premios, repartidos en:

<b>1º PREMIO.....</b>	<b>600 €</b>
<b>2º PREMIO.....</b>	<b>300 €</b>
<b>3º PREMIO.....</b>	<b>150 €</b>
<b>4º PREMIO.....</b>	<b>agasallo especial da organización (votación popular)</b>

---

Tel. contacto: 981 50 00 00 (Patricia Oubel, ext. 22)

+info: [www.concellodearzua.org](http://www.concellodearzua.org)